



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

TITULACIÓN DE EDUCACIÓN SOCIAL

PLANO DO PRACTICUM

ÍNDICE

1.-	COMPOÑENTES ORGANIZATIVOS E FUNCÍONS.....	2
1.1.	Organización do practicum.....	2
1.2.	Funcións dos compoñentes do practicum.....	3
1.2.1.	Sobre a Comisión do practicum.....	3
1.2.2.	Sobre os profesores-supervisores:.....	4
1.2.3.	Sobre os titores:.....	4
1.2.4.	O Estudiante.....	5
1.2.5.	Sobre a unidade de xestión.....	5
1.3.	Temporalización e desenvolvemento das Prácticas.....	5
2.-	ÁMBITOS.....	7
2.1.	Selección de centros.....	8
3.-	OBXECTIVOS.....	9
3.1.	Obxectivos xerais.....	9
3.2.	Obxectivos específicos.....	9
4.-	METODOLOXÍA.....	10
5.-	AVALIACIÓN.....	10
5.1.	Garantías e dereitos dos/as estudantes.....	11
5.2.	Indicación sobre supervisións.....	11
6.-	MEMORIA INDIVIDUAL DE PRÁCTICAS.....	12
6.1.	Descrición e análise da organización do contexto socio-educativo.....	12
6.1.1.	Marco legal.....	12
6.1.2.	Situación e medio sociocultural.....	12
6.2.	Proxecto da organización.....	12
6.2.1.	Principios socio-educativos.....	12
6.2.2.	Análise do programa de intervención:.....	13
6.2.3.	Organización interna.....	13
6.3.	Descrición e análise do marco específico da intervención do estudante en prácticas.....	13
6.4.	Valoración global das prácticas por parte dos estudantes.....	14
6.4.1.	Valoración persoal e profesional.....	14
6.4.2.	Características do centro.....	14
6.4.3.	Suxestións para o futuro.....	14

0.- INTRODUCCIÓN

O R.D. 1420/1991, do 30 de agosto, que establece o título universitario de Diplomado en Educación Social e as directrices xerais, marca como materia troncal o "Practicum" con 32 créditos e asigna as áreas de coñecemento vinculadas ás demais materias troncais do título (BOE 10 de outubro).

A titulación de Educación Social da Universidade da Coruña establece para o segundo e terceiro ano de formación dos seus estudantes un conxunto integrado de prácticas, baixo a denominación de "Practicum".

O fundamento básico do Practicum en Educación Social debe sustentarse sobre a esixencia dun novo marco formativo no que se produza unha efectiva interrelación entre a institución universitaria con outro tipo de institucións, organizacións e asociacións formativas de carácter non universitario.

O Practicum debe supor o establecemento de relacións con institucións diversas no ámbito da intervención social. Este é un paso previo e obrigado que, en función do nivel e calidade desa relación, determinará o deseño e o perfil do propio Practicum, así coma o tipo de actuación do estudante en prácticas. Deste modo, o Practicum, poderá converterse nun efectivo punto de enlace entre a formación inicial teórico-práctica e a inserción no mundo laboral.

O tema das prácticas na formación para calquera ámbito, establece unha dicotomía entre teoría e práctica. É obvio pensar que a educación non sería tal sen unha práctica, ambas enriquecéense mutuamente: a teoría proporciona uns principios, uns modelos, unhas liñas de actuación ós practicantes da educación, e á súa práctica permite a su vez, consolidar e reconstruír a teoría, posto que son os elementos reais que aporta a práctica, os que deben sustentar a teoría. Por todas estas razóns, o estudante en prácticas, necesariamente, deberá integrar a súa formación teórica recibida nas clases sobre conceptos, modelos teóricos e tecnolóxicos cos que contrastar a súa acción. Deste modo, o deseño do Practicum deberá atender e recoller aquelas materias cursadas ó longo da diplomatura máis estreitamente relacionadas coa formación práctica. É por isto que o practicum deberá desenvolverse sobre a base dunha metodoloxía de carácter interdisciplinar.

1.- COMPOÑENTES ORGANIZATIVOS E FUNCÍONS.

1.1. Organización do practicum.

A estrutura orgánica do PRACTICUM da titulación de Educación Social estará composta polas seguintes entidades:

A. - *Comisión do Practicum:*

A súa composición marcada polo regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias da Educación é a seguinte:

- O Decano ou persoa en quen delegue.
- 1 representante de cada área de coñecemento que teña carga docente no P.O.D.

- Dous profesores elixidos pola Xunta de Facultade.
- Catro alumnos elixidos na Xunta de Facultade.

B. - Institucións colaboradoras:

Entenderemos por institucións colaboradoras aquelas entidades externas á Universidade e que permiten cumprir co coñecemento teórico-práctico profesionalizador, de acordo co Plano de estudos da Diplomatura de Educación Social.

C. - Profesores-supervisores da Facultade:

Será o profesorado da Facultade que no seu POD figure con carga docente no practicum e será o encargado de facer o seguimento das prácticas dos estudantes.

D.- Os titores:

Serán profesionais das organizacións ou institucións colaboradoras os encargados de facer o seguimento das prácticas dos estudantes da titulación de Educación Social.

E.- Estudiante:

Terán que facer o practicum os estudantes matriculados nel da Diplomatura de Educación Social.

F. - Unidade de Xestión de prácticas externas:

Será unha comisión delegada da Comisión do practicum. A súa composición será a seguinte:

- Decano/a ou persoa en quen delegue.
- Dous profesores/as da Comisión do practicum.
- Dous representantes estudantes da Comisión do practicum.

1.2. Funcións dos compoñentes do practicum.

Funcións Básicas:

1.2.1. Sobre a Comisión do practicum.

- Garantir a coherencia entre os contidos teóricos das materias e as prácticas.
- Organizar as sesións previas.
- Establecer o horario e calendario para as sesións de información.
- Recoller as suxestións dos membros implicados nas prácticas.
- Velar polo seguimentos dos principios do plano de practicum que se desenvolve.
- Revisar o texto guía e os instrumentos elaborados para o bo funcionamento do practicum.
- Resolver os conflitos que xurdan na estrutura organizativa do practicum.
- Determinar os criterios para a inscrición dos centros colaboradores.

- Establecer criterios para que o estudante poida tamén realizar o practicum en horarios non lectivos (vacacións do nadal, Semana Santa, Verán..).
- Presentar o practicum ó estudante.
- Asignar ó estudante os profesores-supervisores de prácticas e as organizacións colaboradoras.
- Organizar as reunións de inicio do practicum e de avaliación dos estudantes cos titores das organizacións ou institucións colaboradoras.
- Xestionar os medios materiais e económicos necesarios para o normal desenvolvemento do practicum.

1.2.2. Sobre os profesores-supervisores:

Son supervisores todos aqueles profesores que no seu P. O. D. figuran con carga docente e dependen directamente do seu departamento e, están relacionados cos titores das institucións das que depende o estudante. As súas funcións básicas serán as seguintes:

- Asumir e colaborar no desenvolvemento do practicum.
- Titoría e orientar ó estudante.
- Participar na organización e seguimento das prácticas específicas a desenvolver nas institucións xuntamente cos titores.
- Manter contactos e reunións nos centros ou institucións (a lo menos un no transcurso do practicum) coas persoas responsables de titoría ós estudantes.
- Avaliar as practicas.
- Asinar actas.

1.2.3. Sobre os titores:

Están vinculados coas organizacións ou institucións colaboradoras. Serán nomeados polos responsables das organizacións por un período de tempo acorde cos créditos que o estudante ten que realizar como practicum.

Están relacionados cos profesores-supervisores de quen depende ó estudante. Entre as súas funcións básicas ternos:

- Asistir ás reunións que a Comisión do practicum organice para o seu desenvolvemento (inicio do curso e de avaliación).
- Participar no deseño e seguimento do plano de prácticas do estudante e manter contactos cos profesores-supervisores correspondentes á Facultade de Ciencias da Educación.
- Facilitar o desenvolvemento persoal e profesional do estudante, procurando na medida do posible:
 - a.- Proporcionar as competencias e habilidades propias da profesión
 - b.- Informar, orientar e guiar sobre os programas e servizos relacionados coa súa profesión.
 - c.- Axudar ó estudante a observar e familiarizarse coas prácticas cotiás.
 - d.- Orientalo para a toma de decisións propias e a súa implicación na acción educativa e social.
- Avaliar ó estudante.

1.2.4. O Estudiante.

Está vinculado á Comisión de Prácticas, ós supervisores-profesores, ós titores e ás institucións colaboradoras baixo:

- A normativa do Plano de Prácticas.
- A normativa das Institucións colaboradoras.

Está implicado no practicum ó longo dos seus estudos da Diplomatura. As súas funcións básicas serán:

- Coñecer o Plano de Prácticas.
- Facer as Prácticas no centro asignado.
- Colaborar na selección das institucións colaboradoras.
- Colaborar na elaboración do Plano de Prácticas.
- Cumprir co Plano de Prácticas.
- Manter contactos cos titores e supervisores-profesores.
- Facer unha memoria.
- Asistir ás sesións de iniciación e orientación que se organicen.

1.2.5. Sobre a unidade de xestión.

- Contactar coas institucións e profesionais do campo da Educación Social.
- Organizar os mecanismos para a captación de organizacións, institucións, servicios, empresas, etc.. susceptibles de ofrecer prazas de prácticas para a profesionalización do alumnado de Educación Social:
 - Establecer contactos coas institucións.
 - Preparar acordos e convenios coas institucións.
- Constituír e xestionar unha base de datos das institucións colaboradoras e susceptibles de colaborar.

1.3. Temporalización e desenvolvemento das Prácticas.

Comprende 32 créditos.

No segundo curso ocuparanse 10 créditos repartidos da seguinte forma:

- 30 horas para a fase de iniciación do practicum. Realizaranse en sesións informativas co obxecto de que os estudantes coñezan os principais sectores profesionais e algunhas institucións e programas de Educación Social, de xeito que poidan realizar as súas opcións. Os seus obxectivos son:
 - Comprender os ámbitos de intervención profesional relacionados cos estudos elixidos.
 - Saber localizar e utilizar os fondos documentais propios do seu ámbito de intervención.
 - Coñecer as funcións que se piden ó educador social en relación cos ámbitos que se inclúen na profesión.

O desenvolvemento destas prácticas realizarase a partir dun conxunto de sesións de información e mesas redondas nas que participarán persoas expertas ou responsables de diferentes programas ou institucións de interese para o campo da Educación Social.,

As sesións realizaranse, se é posible, no horario das Prácticas, e desenvolveranse antes de comezar as prácticas de implicación nos centros ou institucións de acollida dos estudantes.

A Comisión do practicum informarán e fará público o calendario no que se desenvolverán estas sesións.

- 60 horas para a fase de implicación do Practicum. Realizaranse nos diferentes centros ou organizacións colaboradoras baixo a orientación dos supervisores da Facultade e titores dos centros:

As prácticas de implicación realizaranse en diferentes centros ou organizacións colaboradoras baixo a orientación dos profesores-supervisores da Facultade de Ciencias da Educación e dos titores dos centros. Os obxectivos son:

- Analizar e valorar a realidade educativa dentro dun determinado contexto sociocultural, histórico, sanitario, etc...
 - Coñecer progresivamente a dinámica do centro, a organización e o seu funcionamento.
 - Identificar, describir e analizar o proxecto educativo da organización, participando na medida do posible, en tódalas accións socio-educativas, proxectos ou programas que se desenvolven no centro.
 - Coñecer as características dos suxeitos obxecto da intervención ou outros grupos, así como problemas, necesidades e intereses a través da observación participante.
 - Observar como o educador xunto con persoas expertas, traballa en equipo, propiciar o diálogo e o intercambio de experiencias, para cumprir cos obxectivos necesariamente compartidos.
 - Aplicar os coñecementos adquiridos identificando os recursos existentes tanto no lugar onde se realizan as Prácticas como nas institucións que de algún modo están vencelladas coas mesmas.
 - O estudante integrarase, na medida en que a institución ou centro o considere oportuno, dentro do programa da institución, é dicir, colaborar cos profesionais para planificar, executar e avaliar as actividades educativas no medio concreto.
- 10 horas. Destinaranse á realización da memoria do 2º curso do practicum e titorización por parte dos profesores-supervisores na propia Facultade.

No terceiro curso ocuparanse os 22 créditos restantes da seguinte forma:

- 10 horas para asistir a sesións de prácticas de iniciación.
- 190 horas para a segunda parte da fase de implicación do practicum.
- 20 horas. Destinaranse á realización da memoria do 3º curso do practicum e titorización por parte dos profesores-supervisores na propia Facultade.

2. - ÁMBITOS

Os ámbitos de intervención serán aqueles nos que o estudante poida desenvolver as tarefas propias do educador social nos seus diferentes eidos de actuación.

A.- Servicios de atención primaria:

- Servicios sociais de base.
- Centros abertos (pretalleres, centros de día para diferentes problemáticas).
- Centros de terceira idade.
- Centros de tempo libre infantís e xuvenís (ludotecas, bibliotecas infantís ...)
- Centros de educación compensatoria.
- Planos de educación xuvenil.
- Servicios especializados (centros de información para a muller, centros de relación cultural para diferentes etnias, centros de acollida e intervención con inmigrantes, centros de menores, etc...).
- Residencias para transeuntes.
- Animación e promoción cultural.

B. - Servicios especializados.

- Centros de promoción cultural.
- Drogodependencias.
- Granxas, centros terapéuticos, centros de tratamento, equipos de atención externa,...
- Deficiencias: residencias, espacios escolares non docentes, de talleres, centros ocupacionais, centros de formación profesional adaptada e centros de tempo libre.
- Conflicto social: institucións de reforma, institución de protección a menores, presos, servicios post-penitenciais, casas de acollida.
- Trastornos psicosociais: residencias, pre-talleres, centros de formación profesional adaptada, centros de tempo libre, etc...
- Terceira idade: residencias, centros de xubilados ...
- Problemáticas socio-familiares: asociacións, centros abertos, residencias, primeira infancia, ...
- Animación e promoción cultural.
- Pedagogía hospitalaria.

C.- Educación de adultos.

- Orientación socio-educativa.
- Universidades populares.
- Centros cívicos.
- Centros de Educación para Adultos.
- Escolas de pais.
- Programas de educación de adultos.
- Aulas de cultura de terceira idade.
- Fogares, clubs e residencias de anciáns.

- Animación e promoción cultural.

D. - Formación ocupacional.

- Diríxese á poboación activa para axudala a encontrar o seu primeiro traballo. Tamén, se destina ás persoas que xa teñen traballo para promocionarse ou para evitar perdelo; así como, ós parados para aliviar a súa situación e ós prexubilados para preparar adecuadamente seu estado de xubilación.
- Centros de traballo (colectivos laborais)

E.- Educación personalizada. Promoción cultural.

- É unha actuación asistencial e socioeducativa a través da intervención na vida cotiá, priorizando o carácter preventivo. Intervense na rúa, en núcleos asociativos, en asociacións creadas expresamente, etc., tendo en común un marco comunitario; algunhas intentan aproveitar as posibilidades de desenvolvemento do contorno, sobre todo na ASC, e outras dan resposta a determinadas inadaptacións sociais, deficiencias de formación básica, deficiencias laborais, etc.

F. ONGs

- Programas de educación para o seu desenvolvemento.
- Educación multicultural, etc.

G. Concellos.

H. Medios de Comunicación.

- Programas educativos e animación sociocultural.

I. Fundacións privadas.

- Programas educativos
- Animación cultural.

2.1. Selección de centros.

A selección de centros terá en conta os seguintes criterios:

- Deben ser centros ou institucións que estean realizando programas de Educación Social nalgún dos campos profesionais apuntados no plano de estudos.
- O programa de Educación Social debe estar dirixido por profesionais.
- Os centros e institucións estarán situados dentro da Comunidade Autónoma Galega.

Excepcionalmente, poderase autorizar a realización do practicum fóra desta Comunidade. Para que un centro sexa aceptado cómpre que:

- A unidade de xestión de prácticas externas emita un informe favorable sobre o centro, organismo ou institución que elevará a comisión de practicum para a súa aprobación.
 - Procurarase a formalización dun convenio entre a Facultade e o centro, organismo ou institución que recibe ós estudantes.
- Os criterios de asignación de centros ós estudantes serán os seguintes:
 - Sempre que existan prazas suficientes nos diversos ámbitos respetaranse as preferencias indicadas polo estudante. No caso contrario procederase ó sorteo.

3.- OBXECTIVOS

3.1. Obxectivos xerais.

- A.- Favorece-lo contacto dos alumnos da Diplomatura de Educación Social coa realidade social e educativa nos diferentes ámbitos sociais, institucións e áreas de educación que son obxecto de intervención socio-educativa.
- B.- Desenvolve-la participación e a análise dos alumnos, de experiencias e programas de intervención social, desde a perspectiva da súa función teórica e metodolóxica.
- C.- Entende-la necesidade dunha observación crítica dos problemas educativos cunha actitude aberta e receptiva.
- D. - O practicum deberá servir de orientación para o alumno de cara a itinerarios educativos profesionalizadores (saídas profesionais, oportunidades de traballo, oposicións..).

3.2. Obxectivos específicos.

- A.- Observar como o educador, xunto con outras persoas expertas noutras áreas de coñecementos, traballan en equipo e propician o diálogo e o intercambio de experiencias.
- B.- Integrarse na dinámica dunha institución ou dun programa, que implica colaborar con outros profesionais para planificar, executar e avalia-las actividades educativas nun medio concreto.
- C.- Identificar as funcións que o educador social xoga no proceso socio-educativo no que estea involucrado.
- E.- Coñece-las características do contorno social da institución na que se vai desenvolver a acción pedagóxica do estudante de educación social.
- F.- Coñece-las características psicolóxicas dos suxeitos e dos grupos, obxecto da acción pedagóxico-social.

4.- METODOLOXÍA.

Os principios metodolóxicos básicos do practicum son:

=> Integración da teoría e práctica. Non se trata dunha simple aprendizaxe vicario" dos modelos de acción pedagóxico-social e de diagnóstico-acción-reflexión que executan os profesionais, senón que se intenta unha profundización e reflexión que dea sentido a esta aprendizaxe de modelos: por qué se utiliza determinada técnica de intervención, en qué situación, con qué suxeitos, con qué resultados.

=> Participación do estudante, na medida do posible, nas diversas fases do proceso de deseño e desenvolvemento de programas de intervención:

1. - Análise do contexto.
- 2.- Adaptación, planificación e deseño do programa.
3. - Posta en marcha do programa de intervención.
- 4.- Análise do resultados.
- 5.- Avaliación global do programa.

=> A realización do practicum, conxuntamente con todo o curriculum do diploma de Educación Social, ha de entenderse como a primeira parte dun proceso de formación permanente. Polo tanto, ha de coidar a adquisición de actitudes, hábitos e destrezas que posibiliten a análise reflexiva e a mellora da propia acción ó longo de todo o exercicio da profesión.

5.- AVALIACIÓN.

A avaliación é un proceso que ten lugar durante todo o período de prácticas. A avaliación final configurarana tres elementos:

=> A avaliación do seguimento feita polo profesor-supervisor.

=> A avaliación do seguimento feita polo titor.

=> A avaliación da memoria de prácticas feita polo profesor-supervisor.

O alumnado poderá mante-las reunións que estime oportunas co seu profesor-supervisor e co seu titor, ademais de participar nas sesións de orientación que os supervisores convoquen. Neste punto, crese conveniente realizar, a lo menos, tres sesións individuais ou grupais (segundo o estime oportuno o profesor-supervisor) ó comezo das prácticas, durante e o final das mesmas.

Así pois, consideramos que a avaliación deberá ter un carácter procesual, non de exame final, tendo en conta as fases fundamentais dun proxecto de acción:

=> Coñecemento do contexto.

=> Coñecemento da institución.

=> Programación.

=> Realización de actividades.

=> Informe final.

5.1. Garantías e dereitos dos/as estudantes.

- A.- Coñecemento dos criterios de avaliación.
- B.- Coñecemento da avaliación ou acceso ós informes do titor e do profesor-supervisor de prácticas.
- C.- Dereito de reclamación de acordo coa normativa vixente.
- D.- Coñecemento das tarefas ou actividades, obxecto de recuperación, se é o caso, do prácticum de cada curso.

5.2. Indicación sobre supervisións.

=> O titor ha de orientar e supervisar as actividades do estudante dentro dos centros ou institucións, atendendo especialmente a posibilitar e fomentar a análise, participación e reflexión.

=> Ofrecece un guión de suxestións que pode ser modificado polo titor conforme as circunstancias concretas onde os estudantes poidan desenvolver as tarefas seguintes.

5.2.1. *Análise de:*

- Institucións: visita, organigrama, fins, proxecto educativo.
- Grupos de persoas atendidas: procurar a vivencia cotiá e prolongada con algúns grupos de educandos de diversas idades e a observación temporal doutros grupos.
- Suxeitos concretos: observación detallada, estudio ou confección da historia, reaccións a situacións concretas, comprensión humana do caso.
- Clima do grupo e da institución.
- Programas diversos da institución.
- Medio social.
- Responsabilidades e tarefas do educador social.

5.2.2. *Participación na medida do posible en:*

- Programas de intervención: de curta duración en segundo curso; de maior intensidade e tempo en terceiro.
- Reunións de equipo de traballo no que está adscrito o estudante.
- Reunións do equipo pedagóxico.
- Reunións do equipo multiprofesional.
- Colaboración en actividades de programas dirixidos polo titor.
- Coñecer o programa en que van incluídas as actividades para identificarse cos obxectivos previstos.
- Colaborar en tódalas actividades grupais ou individuais (domésticas, recreativas, estudio, traballo.. .).
- Selección, adaptación e elaboración de recursos materiais, técnicos bibliográficos, etc.

5.2.3. *Reflexión*

- Diario de campo: observacións, resumo de actividades, reaccións, impresións persoais, cuestións para consultar co titor o co profesor-supervisor.

- Diálogos frecuentes co titor.
- Entrevistas co titor.
- Entrevistas co profesor-supervisor.
- Reunións de traballo dos equipos.
- Elaboración da memoria de prácticas.

5.2.4. Limitación ou cautelas.

O estudante en prácticas non é un profesional cualificado; polo tanto, non pode encomendárselle a responsabilidade e dirección propias dos profesionais da institución ou centro onde o estudante desenvolve a súa actividade.

6.- MEMORIA INDIVIDUAL DE PRÁCTICAS.

A memoria individual de prácticas debe reunir, dun xeito organizado, os aspectos máis significativos do proceso de prácticas realizado polo alumno durante o período correspondente. Na súa elaboración distinguiremos os seguintes apartados:

6.1. Descrición e análise da organización do contexto socio-educativo.

Neste apartado haberá que situa-lo marco legal e a situación no medio sociocultural.

6.1.1. Marco legal.

Cabe indicar brevemente, cal é o marco legal que regula a organización (Lei de protección do menor, Lei de SS, LOXSE, etc.) e o marco administrativo que marca a estrutura e o nivel de dependencia que a organización ten en relación coa Administración ou empresa (pública-privada, administración central, autonómica ou local).

6.1.2. Situación e medio sociocultural

É necesario aportar datos sobre o nivel socio-económico e cultural do contorno, o potencial de recursos dispoñible...

6.2. Proxecto da organización.

O proxecto da organización é un elemento fundamental que contextualiza a intervención socioeducativa no ámbito no que se desenvolve; mediante as definicións que contén pódese observar a sincronía entre o programa, a práctica e o que se avalía.

6.2.1. Principios socio-educativos.

Explica-la liña ou aqueles principios socio-educativos que son o punto de partida e a meta do modelo de individuo que é bo chegar a conseguir a partir do proceso de intervención.

O proceso de intervención leva consigo a descrición dos obxectivos previstos e dos realizados, as estratexias, técnicas ou actividades necesarias para obter os

obxectivos, os instrumentos e criterios de avaliación e da valoración das modificacións establecidas a partir do proceso de avaliación.

A realización deste apartado é unha parte fundamental da memoria de prácticas, xa que, permite ó alumnado profundar na redacción dos obxectivos, a utilización dos instrumentos da avaliación, a toma de decisións a partir dos datos da avaliación e da selección de estratexias, técnicas ou actividades máis adecuadas

6.2.2. Análise do programa de intervención:

a.- Descrición dos obxectivos xerais do centro.

Coñecer cales son os obxectivos do centro e observar a existencia ou non dunha clasificación máis específica dos obxectivos distribuídos nas áreas ou ámbitos de intervención.

b. - Poboación atendida.

Características (idade, sexo, necesidades educativas, problemáticas,...)

c.- Descrición das estratexias e técnicas do proceso de intervención.

Especificaranse as estratexias ou técnicas de intervención (entrevistas, técnicas dinámicas, conductistas, cognitivas, humanistas, etc...)

d.- Descrición dos sistemas de avaliación do proceso de intervención.

6.2.3. Organización interna.

A realización dunhas prácticas require conectar e participar nos diferentes niveis de organización e coordinación. Hai que describir aspectos relacionados con:

- => Os tipos e a frecuencia das reunións que se mantiveron cos profesionais cos que se han de realizar as prácticas.
- => Os procedementos de coordinación e de intercambio de información.
- => A distribución temporal das actividades (horario).
- => A relación co contorno e a familia.

Teremos que ter en conta aqueles elementos que se definen como reguladores do marco interno da organización. Por exemplo:

- Horarios: horarios da organización, horarios dos traballadores, etc.
- Espacios: características físicas do edificio, espazos individuais, espazos colectivos, espazos sociais, espazos propios dos traballadores, etc...
- Profesionais: Características (formación, experiencia, formas de acceso, organigrama funcional..).

6.3. Descrición e análise do marco específico da intervención do estudante en prácticas.

O estudante en prácticas, a partir da súa intervención específica e da inmersión na realidade do centro, necesita recompilar información (consultar expedientes e documentación do grupo específico con que desenvolverá a súa actividade práctica; asistencia ós diferentes actos, etc.) suficiente para poder aportar unha descrición do marco específico que reunimos nos seguintes apartados:

6.4. Valoración global das prácticas por parte dos estudantes.

A valoración global das prácticas leva consigo a valoración de tres aspectos diferentes:

6.4.1. Valoración persoal e profesional.

- => A súa participación e integración no centro ou servizo.
- => As actividades feitas co alumno universitario.
- => A relación co profesor-supervisor e co titor.
- => A vivencia persoal e profesional.

6.4.2. Características do centro.

- => Marco físico organizativo.
- => Metodoloxía de intervención (obxectivos, proceso de intervención e tipos, e instrumentos de avaliación).

6.4.3. Suxestións para o futuro.

- => Valoración da posible continuación das actividades actuais e propostas alternativas.